

## Novas da rede

### Abrimos novo blog!

A partires de setembro, a Rede ofrécenos un novo servizo: un **blog** pensado para que a actividade da Rede Mentoring chegue o máis lonxe posible, de forma que moitas máis empresas podan beneficiarse dun programa punteiro no noso país.

Este novo blog da Rede dará máis visibilidade á experiencia acumulada por todos vós. Nel intervirán expertos de recoñecida solvencia en diferentes áreas. Ofrecerá tamén un espazo de participación no que as empresas poderán realizar consultas ou expor os seus casos e servirá para fortalecer a rede de apoio mutuo e dar maior visibilidade ás actividades e eventos profesionais de Galicia. Por outra banda, sirva esta nova para informarnos de que, **a partir do vindeiro mes, cambiaremos o deseño deste o noso habitual boletín mensual**, que pasará a redactarse nun formato dixital moito máis áxil e, agardamos, útil para todos vós. Aquí o tedes: [blog.redementoring.com](http://blog.redementoring.com).

## AXENDA

### *Presentación do 1º Ciclo de Formación para Investidores Privados Business Angels*

O 15 de setembro, no Clube Financieiro de Vigo. E, o día 22, a primeira xornada deste ciclo formativo: *Cal é a mellor forma de investir nun novo proxecto?*

Máis información: [www.clubfinancierovigo.com](http://www.clubfinancierovigo.com)

### *TICemprende: obradoiros prácticos*

Dentro do Programa TICemprende, Bic Galicia pon en marcha unha serie de obradoiros prácticos para contribuír á implantación efectiva de procesos de mellora nas empresas TIC da nosa comunidade. O 29 de setembro, en Santiago, **Innovación do valor dos produtos software**.

Máis información: [ticemprende@bicgalicia.es](mailto:ticemprende@bicgalicia.es) e [www.bicgalicia.org](http://www.bicgalicia.org)

### *Road Show Conference: Cambio, Creatividade, Innovación e confianza*

Unha conferencia interactiva, un acto lúdico, emocional e de aprendizaxe intensiva, que consegue unha forte implicación por parte dos asistentes. O 6 de outubro, na sede da Fundación Caixa Galicia, Cantón Grande 21-24, na Coruña, en sesión de 11:30 a 13:30 horas.

Máis información: [feugaformación@feuga.es](mailto:feugaformación@feuga.es) ou 981 534 180

### *Xornada de instrumentos de financiamento para startups innovadoras: capital risco e business angels*

O 29 de setembro no hotel Puerta del Camino de Compostela.

Máis información: [www.foroinversiongalicia.com](http://www.foroinversiongalicia.com)

## Actualidade da empresa

### **Economía e Industria facilita a contratación de xestores de exportación**

A consellería de Economía e industria mantén a través do Igape unha bolsa de xestores de exportación que agrupa a 352 especialistas dispostos a traballar ao servizo das empresas galegas en países de todo o mundo. A consellería que dirixe Javier Guerra vén de anunciar que facilitará mediante este servizo ás empresas galegas a localización e a contratación dos profesionais mellor preparados para apoialos nos seus proxectos de expansión exterior, como un instrumento de valor ao servizo da internacionalización do tecido empresarial.

Como complemento desta base de profesionais, licenciados ou diplomados especializados en comercio internacional, o Igape convoca cada ano axudas para apoiar a contratación de xestores polas empresas e polos organismos intermedios de carácter empresarial, con subvencións que poden cubrir o 80% do salario dos profesionais contratados durante o primeiro ano.

Ata o momento, o instituto dependente da Consellería de Economía e Industria xa aprobou apoiar a contratación dun cento de xestores de exportación por empresas e organismos intermedios galegos como por exemplo os clusters, asociacións empresariais ou os consellos reguladores.

A bolsa de xestores de exportación é unha iniciativa que se mantén aberta, e que acolle tanto aos profesionais con experiencia previa neste eido como aos especialistas formados grazas aos programas impulsados polo Igape, a través do plan de formación de especialistas en comercio internacional ou mediante o programa de bolsas no estranxeiro en organismos dedicados ao comercio exterior (Bolsas de Promoción Exterior); este programa xa formou, desde o seu comezo, a preto de 250 especialistas en comercio exterior.

### **Microbank, microcréditos para emprendedoras e empresarias**

Microbank acaba de firmar un convenio coas Cámaras de Comercio para ofrecer financiamento, sen necesidade de avais persoais, para a posta en marcha, promoción, consolidación, crecemento e mellora de proxectos empresariais. Se che interesa a nova e queres máis información, visita:

<http://www.microbanklacaixa.com/general/>



# Experiencias de mentoring

## ALBERTO LÁZARO

Mentor da Rede Galega de Empresarios Mentores



*Enxeñeiro Industrial e MBA. Desde 2004 presta servizos de consultoría a franquías e desde 2006 dirixe ONFRAN, empresa especializada en mercadotecnia dixital e ferramentas tecnolóxicas para cadeas comerciais (Lizarran, Neck&Neck, Santiveri, Biothe-care, etc.). Profesor da Escola de Negocios Caixanova. Autor de Sobre Franquicias.com.*

### Cal é, desde o seu punto de vista, o labor do mentor?

Achegar unha serie de recursos a un emprendedor cuxo proxecto require de apoio externo. Estes recursos poden ser orientación, metodoloxía, ferramentas, contactos... aquilo que incrementa as probabilidades de éxito do proxecto.

### Que requisitos debe cumprir unha empresa que demanda ser mentorizada?

Primeiro, que a empresa teña identificado cal é o problema que quere abordar na mentorización, para escoller un mentor adecuado e focalizar o esforzo. Segundo, a actitude do empresario ante a mentorización. Debe acudir coa vontade de resolver os seus problemas a través da experiencia e recursos do mentor, aínda que a solución debe saír da propia empresa.

### Cales eran os seus obxectivos específicos como mentor neste caso?

O primeiro obxectivo, previo á mentorización, era focalizar o proxecto nuns obxectivos empresariais, non persoais. Os mentorizados tiñan clarísima a súa situación e os obxectivos que perseguían, polo que tras a primeira reunión, as cuestións de alcance quedaron resoltas. O segundo obxectivo era que, tras a mentorización, tivéssemos un camiño claro para alcanzar a visión que a empresa perseguía.

### É posible en catro reunións acadar os obxectivos buscados?

Catro reunións sobre un problema acoutado, compartido e onde ambas as partes teñen experiencia, é tempo suficiente para avanzar.

### Algunha suxestión sobre o proceso de mentoring?

Na próxima mentorización dedicarei un pouco máis de tempo ao comezo do proceso a acoutar e, sobre todo, documentar o punto de partida, de modo que esa "foto" permítanos a todos reflexionar sobre o avance do proceso.

### Cales son, na súa opinión, as vantaxes do mentoring para unha empresa?

En primeiro lugar, a posibilidade de acceder a un profesional adecuado para a solución do seu problema. Un servizo prestado por Rede Mentoring e que ten un valor enorme. Moitas veces, atopar á persoa axeitada é moito máis importante que o custo do servizo. En segundo lugar, a oportunidade de dispor dese experto que, de modo altruísta, dedicará a súa enerxía e recursos a axudar á empresa a resolver o problema exposto. Na miña opinión, trátase dun dos mellores servizos para empresas e emprendedores ofrecidos desde a administración pública.

## XOSÉ RODRÍGUEZ LOIS

Xerente de Redelibros, a rede social galega do libro



*Redelibros iniciou a súa andaina no ámbito das redes sociais en novembro de 2011, e nun ano xa ten acadado unha importante consideración no universo cultural galego, tanto polo número de usuarios habituais como pola súa presenza en feiras, eventos culturais e o prestixio dos seus colaboradores. É a primeira empresa galega destas características e pioneira a nivel estatal.*

### Que lles animou a participar na Rede Mentoring?

A posibilidade de contar co asesoramento dunha persoa con experiencia nun área na que nos interesaba mellorar. É un servizo realmente útil por parte de Rede Mentoring, e pensamos que descoñecido de máis.

### En que consistiu e como se desenvolveu o proceso de mentorizaxe?

Consistiu en catro reunións nas que expuxemos a nosa situación e a estratexia de empresa. Tras a primeira toma de contacto, debatemos as nosas fortalezas e debilidades e elaboramos unha guía de acción para acadar os obxectivos marcados. Todo, hai que dicilo, nun ambiente de gran cordialidade.

### Como valoran a experiencia e a súa participación nela?

Positivamente, sen dúbida. Tivemos a oportunidade de traballar cun mentor, Alberto Lázaro, que mostrou en todo momento non só a súa disposición a colaborar, senón que deu mostras sobradas da súa valía e experiencia.

### Que aspectos destacan do funcionamento da Rede, tanto os positivos como aqueles nos que sexa preciso mellorar?

Parécenos unha iniciativa que merece, de seu, ser moito máis coñecida do que xa o é. Estes servizos de mentorizaxe pódense atopar noutras comunidades, ou impartidos por outras institucións, máis non de xeito gratuito coma este. Ademais, a estrutura do proceso é cómoda, rápida, o que permite encaixala na axenda diaria sen demasiados problemas. E a mentorización axuda a evitar erros que, sen experiencia, serían moito máis doados de cometer. En definitiva, unha experiencia de gran proveito para a nosa empresa.

## MÁIS INFORMACIÓN

Teléfono: 981 546 823 - Fax: 981 546 832  
www.redementores.com - info@redementores.com

### BIC Galicia

Barrio de San Lázaro 63A  
15703 Santiago de Compostela



XUNTA  
DE GALICIA

